


Orientacións didácticas

Informarse das accións que se desenvolven tanto a nivel local como a nivel global, para lograr o cumprimento dos ODM. Participar en accións presenciais e virtuais en apoio dos ODM. Realizar trípticos, carteis, boletíns, etc. sobre os ODM para informar a outras persoas.

Nota:

La A Rede **de Mozos e Mozas Solidarios** é un espazo de participación e construción de cidadanía onde pode participar o alumnado



outros RECURSOS:

Campaña Sen excusas 2015

www.sinexcusas2015.org

Campaña Pobreza Cero

www.pobrezacero.org

Canal Solidario

www.canalsolidario.org

Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD)

www.undp.org/spanish

Campaña Mundial pola Educación

www.cme-espana.org

Social Watch (xogo en liña sobre ODM)

www.socialwatch.org/es/Infos/2004/index.htm

máis INFORMACIÓN:

- www.entreculturas.org
- www.entreculturas.org/educared.htm

Se queres máis información ou desexas realizar algunha consulta sobre o material da Campaña ¿Iguale-Dá?, escríbenos a: entreculturas@educared.net

Responsable de Educación: IRENE ORTEGA.

Autoría: JENNIFER WILLIAMS RAMOS.

Móvete en Rede. Rapaces e rapazas forma parte de ¿Iguale-Dá? Campaña Educativa pola inclusión e a equidade, orientada a comprender a orixe das desvantaxes que impiden a igualdade de oportunidades, especialmente no ámbito da educación, así como a necesidade de compensalas para transformar as realidades de exclusión.

Non nos dá igual.

¡Queremos un mundo máis xusto para todos e todas!

Orientacións didácticas

Móvete en Rede



Rapaces e rapazas



Esta proposta está dirixida ao alumnado de Secundaria. As orientacións didácticas deste caderniño son un complemento do periódico **MÓVETE en Rede**. Rapaces e Rapazas que, nesta edición, xira ao redor dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM). Tras a lectura dos artigos propónse o diálogo aberto, a clasificación da información, a relación cos conceptos previos sobre os contidos, a reflexión sobre as actitudes persoais e grupais e promóvese a participación en accións que favorezan a inclusión a nivel local e global. As actividades poden aplicarse tanto na aula como noutros contextos educativos.

O periódico **MÓVETE en Rede** é o punto de partida para o diálogo e a reflexión. A presentación permite a lectura libre dos artigos e a realización dalgunhas actividades de maneira autónoma ou con orientacións ou adaptacións dos/as educadores/as, en función das necesidades e intereses do grupo.

1. Unha axenda pendente

Obxectivo:

- Introducir o concepto dos Obxectivos do Milenio.

Orientacións:

Partir desde a comparación dunha axenda persoal, tendo en conta que nela anotamos datos que consideramos importantes para nós, cousas que non queremos esquecer. Imaxinar que temas debería conter unha Axenda Mundial para reducir a pobreza e as súas causas.

En grupos pequenos poden facer unha choiva de ideas sobre os temas que incluírían na dita axenda e escribir unha listaxe en 5', logo facer un plenario e ver se coincidiron. Considerar o tempo que se necesitaría para que todos os temas puideran ser resoltos.

Comentar que no ano 2000 fixouse unha axenda mundial con oito obxectivos que deberán acadarse para o ano 2015, eses son os obxectivos de desenvolvemento do Milenio (ODM) ¿Sabedes cales son os ODM?, ¿coñeces algún deles? Para ampliar a información poden consultar a web do Programa de Nacións Unidas para o Desenvolvemento: <http://www.undp.org/spanish/>

“Os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio son as metas mundiais que se fixaron no Cumio do Milenio do ano 2000 para reducir a pobreza e as súas causas e manifestacións.

Os ODM comprenden o seguinte: reducir á metade a pobreza extrema e a fame, lograr o ensino primario universal e a igualdade entre os sexos, reducir a mortalidade de menores de 5 anos e a mortalidade materna, deter a propagación do VIH/SIDA e o paludismo e garantir a sostibilidade do medio ambiente.

Tamén comprenden o obxectivo de fomentar unha asociación mundial para o desenvolvemento, con metas para a asistencia, o comercio e o alivio da carga da débeda.”

Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento.

2. ¿Pódense acadar os ODM?

Obxectivos:

- Identificar os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio.
- Desenvolver o interese por realidades diferentes á propia.

Orientacións:

Dividir o grupo en oito grupos, un por cada ODM:

- 1 Erradicar a pobreza extrema e a fame
- 2 Lograr o ensino primario universal
- 3 Promover a igualdade entre os xéneros e a autonomía da muller
- 4 Reducir a mortalidade infantil
- 5 Mellorar a saúde materna
- 6 Combater o VIH/SIDA, o paludismo e outras enfermidades
- 7 Garantir a sostibilidade do medio ambiente
- 8 Fomentar unha asociación mundial para o desenvolvemento

Repartir copias do artigo relacionado co obxectivo de cada grupo. Despois da lectura, comentalo e intentar identificar os recursos que serían precisos para lograr ese obxectivo. Se ben fan falta recursos económicos, non son os únicos que hai que tomar en consideración.

Facer unha posta en común, destacando os datos que chamaron a súa atención e os temas cos que se relaciona o obxectivo en cada artigo. Reflexionar observando que na maioría menciónanse feitos que suceden en países empobrecidos pero que están relacionados con feitos que suceden nos países ricos, é dicir, que están interconectados.

Profundar as análises con datos sobre a situación de mulleres e nenas a nivel global:

- Unha de cada seis persoas adultas no mundo é analfabeta, dous terzos das cales son mulleres.
- Unhas tres quintas partes dos nenos sen escolarizar son nenas.
- En só sete países de todo o mundo, as mulleres ocupan máis do 30% dos escanos parlamentarios.
- Na África Subsahariana e en Asia Meridional, son as mulleres as que producen unha gran parte dos alimentos e, malia isto, non teñen un acceso seguro á terra.
- Globalmente, as mulleres representan a metade dos casos de VIH/SIDA en adultos en todo o mundo, mentres que entre as mulleres novas, a proporción é bastante superior.
- Na África Subsahariana, máis do 55% dos adultos infectados polo VIH/SIDA son mulleres. Alí as mulleres novas teñen entre dúas e catro veces máis probabilidades que os homes de contraer a enfermidade.
- Cada ano, máis de 500.000 mulleres morren como consecuencia do embarazo e o parto, o que equivale a unha morte por minuto.

Datos: PNUD 2003. Informe sobre Desenvolvemento Humano.

3. Avances ou retrocesos

Obxectivo:

- Coñecer o logro dos ODM ata o 2005, en especial os vinculados co Dereito á Educación.

Orientacións:

2005 é un ano clave para os ODM, algúns dos cales debían acadar xa metas concretas, no entanto, aínda queda un longo camiño por percorrer. Dos oito ODM dous refírense explicitamente ao Dereito á Educación:

- En 2005, debería conseguirse a paridade no **acceso** á educación básica, é dicir, lograr o mesmo número de nenos e nenas nas aulas (Obxectivo 3 – meta 4). **Se se manteñen as taxas actuais non se obterá ata o 2025.**
- En 2015, débese garantir que todos os nenos e nenas poidan **completar** a educación básica (Obxectivo 2 – meta 3). **Coas tendencias actuais este Obxectivo tampouco se cumprirá no prazo establecido.**

Dialogar sobre o papel que desempeña a educación nos ODM, *¿credes que a educación é un factor importante para lograr os ODM?, ¿por que se é un dereito de todos os nenos e nenas aínda hai máis de 100 millóns deles que non teñen acceso?, ¿que relación existe entre estes dous obxectivos?*

O alumnado deberá investigar acerca do estado actual do cumprimento dos ODM e sobre os obstáculos que existen para que se cumpran

Reflexionar sobre o papel que desempeñan diferentes actores:

- países empobrecidos
- países ricos
- organismos internacionais
- sociedade civil
- empresas transnacionais
- organizacións non gobernamentais (ONG)
- outros...

Pódense manter os grupos da actividade anterior e posteriormente facer un plenario destacando os avances ou retrocesos e o rol que cumpren os diferentes actores. Existe información actualizada nos informes anuais sobre Desenvolvemento Humano dispoñibles na web do PNUD. Tamén se pode obter información sobre os ODM na web da Campaña Pobreza Cero e na web da Campaña Mundial pola Educación (CME).

4. Que podemos facer?

Obxectivo:

- Valorar positivamente as propostas cidadás a favor dos ODM.

Orientacións:

Os ODM son unha tarefa común para toda a humanidade, acadalos depende do esforzo de todas as persoas.

Ler o texto do Banco Mundial acerca da pobreza, *¿que credes que significa a frase "As persoas pobres non teñen oportunidades. Tampouco teñen voz"?, ¿estades de acordo con esta afirmación?, ¿sabedes que mecanismos existen para poder escoitar as súas voces?*

A pobreza continúa sendo un problema mundial de enormes proporcións.

Case a metade dos 6.000 millóns de habitantes do mundo vive con menos de \$2 ao día e unha quinta parte subsiste con menos de \$1 ao día. *As persoas pobres non teñen oportunidades. **Tampouco teñen voz***

Ademais, son moi vulnerables ás enfermidades, á violencia e aos desastres naturais.

www.bancomundial.org